

# BEARIZ

Descubre a maxia



Accede a Web do  
Concello de Beariz  
e descarga a túa  
**AUDIO GUÍA**

[www.beariz.org](http://www.beariz.org)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



## PRESENTACIÓN

A ruta de sendeirismo de Magros conta con 14 quilómetros, que permitirán coñecer os atractivos da Aldea de Magros e facer un percorrido arredor das ladeiras Monte Marcofán que fai de límite polo leste do concello de Beariz. Este Monte é un dos símbolos do concello de Beariz. O roteiro permite gozar de abundantes espazos abertos con vistas panorámicas do concello e pasear pola aldea de Magros coa súa arquitectura popular e o pequeno pero rebuldeiro río.

O nivel técnico da ruta é fácil e conta ademais moi poucos desvíos polo que é fácil orientarse. Só o sol na subida ao castro pode ser o invitado que a faga un pouco máis dura.

Toda a ruta pode realizarse a pé, en bicicleta de montaña, quad ou todoterreno. Podemos exceptuar ao comezo a zona do río. Recomendamos aos usuarios de todoterrenos que rodeen aldea segundo a estrada en dirección contraria a Beariz. Tras uns cincocentos metros, despois de superar o río e a praia fluvial, chégase novamente á ruta, xa totalmente transitable.

O Marcofán é o monte máis característico do concello, moi coñecido por verse dende todas partes e estar no pasado moi ligado á minería e á cantera.



## ROTEIRO DE MAGROS



[www.beariz.org](http://www.beariz.org)





## ALDEA DE MAGROS

Esta aldea, ao igual que todo Beariz, está protegida dos húmidos e fortes ventos do suroeste polas montañas da serra do Suído. Aquí o Marcofán tamén a protexe dos fríos ventos do Norte converténdose así nunha zona recollida e de clima relativamente benigno.

Neste caso era unha aldea relacionada, antigamente, á minería e ó artesanado moi intensamente. Na aldea de Magros tamén é na última en que existiron tecedurias do liño. Con sorte, mesmo é posible que atopemos, ao longo do percorrido as prantadas do liño bravo, cerca de zonas húmidas. Recoféncense moi ben pola súa planta escura e resistente, flores pequenas azuladas e estriadas, con 5 pétalos irregulares con final redondeado. No medio, o pistilo sobresae sendo ao principio de cor clara e azul intenso na punta.

Baixando polo roteiro cruzaremos a parte máis antiga da aldea. Algunhas das casas están restauradas, como a casa rural que hai a carón do río, a casa da Laxa.

Obsérvanse varias eiras, algunhas cos hórreos restaurados. As eiras son planas e soleadas, para separar o gran da pranta e poñelo a solear. A abundancia destes lugares danos unha idea de que esta zona sempre estivo bastante poboado e tamén da fertilitade das zonas en que se traballaba.

A medida que baixamos, o ambiente vai transformándose polo frescor e ruido do río e as sombras das árbores que nos envolven en agradable harmonía. Xunto á ponte atopamos un espazo calmo onde refrescarnos á sombra de carballos, castiñeiro, bidueiros e salgueiros. Podemos acomodarnos nunha das pedras que interrompen o paso da corrente e relaxarnos a só uns metros da casa rural da Laxa.

A carón do río está o muíño de Beariz que é un muíño de Maquia. Pertence á Igrexa, que o alugaba. Os que dispunhan del fan moendo por turnos o gran da xente recibindo en troques parte do resultado da moida.

O cabaliño do demo, o merlo acuático ou a troita son só algunhas das especies que, cun pouco de sorte, poderemos ver por esta zona.

En Galicia chamamos libelínas ás libélulas máis grandes e gaiteiros ás más pequenas. Os gaiteiros ou cabaliños do demo, son como as libelínas, áinda que bastante más pequenos e levan as súas ás pegadas ó corpo. O Gaiteiro Aliazul ten unha intensa cor azul que o fai inconfundible, e resulta fácil observalo porque non soen escapar. É habitual velaos entre os meses de abril ata finais de verán, e son un bo indicador da calidade e pureza das augas dos ríos.

A libelíña máis común nesta zona é a atigrada, que é moi máis grande, rápida e inqueda que o gaiteiro aliazul. A abundancia de bolboretas e anfibios é indicativo tamén da boa calidade da auga e do aire na zona.

Ao cruzar o río, que se chama rego da Touza, seguimos por un camiño antigo e húmido, subindo ata a estrada. Aquí podemos seguir coa ruta, á dereita, ou desvíarnos á esquerda para disfrutar dun refrescante baño na praia fluvial e ver a fervenza. Por apetecible que resulte, probablemente será mellor deixalo como premio e descanso ao final da ruta.



## 1 TRAMO

Tras cruzar a estrada comeza a subida deixando atrás a vexetación de ribeira para ir, pouco a pouco, atopándonos con piñeiro, toxos e carqueixas, máis típicos das zonas altas. O pequeno pico á nosa esquerda é o castro de Marcofán, un asentamento prerromano que se situaba no mesmo curuto da montaña. O que serían os restos dos muros están polo Oeste, o lado contrario ao que imos subindo pola pista. A orixe do xacemento podería ter lugar na idade do Bronce, cara o 700 antes de Cristo.

Hai moitas lendas arredor destes vestixios, como acontece en moitos lugares de Galicia, xa que resultaban misteriosos e escuros e fornecian a imaxinación alimentando as historias que os definían como habitados por seres reais ou imaxinarios e cheos de riquezas pero tamén perigosos polos feitizos e poderes máxicos dos que ali habitaron. Conta a lenda que un mozo foi ó Castro para ver o ouro que puñan as mulleres a asolar. Cando ía chegando viu unha moza moura tan fermosa que se namorou dela. Ó entearse os mouros condenárona á morte. A moura, namorada e por salvado da morte, botoulle un meigallo e converteuno en piñeiro, e así sempre estaría ó lado del. O mozo desapareceu do pobo e a moura pasaba os días arrimada a un pino. Ali morreu e tempo despois secou o pino.

Tras unha pequena baixada atopamos outra vez o rego da Touza, que cruza un estreito e bonito pasadizo para comezar a rodear o Marcofán, cheo de antigas minas, lendas e rutas para ir cara o leste.

Na dada pista pola que transitamos tamén veremos algúns animais como aves rapaces, sobre todo aguas, espreitando na busca de pequenos animais que cazar.

Neste percorrido apréciese á perfección a estrutura orográfica de Beariz, con alongados vales de Norte a Sur como o que imos deixando á dereita, onde as aldeas tenden a estar na cara Oeste ou Sur, as máis soleadas.

Cando nos aproximamos á Chancela estaremos vendo terras menos abruptas que no pasado foron utilizadas para a agricultura. Son as estivadas, onde se sóla plantar centeo en grandes cantidades. As estivadas son plantacións en montes aparentemente improdutivas pero responsables de que a posguerra na Terra de Montes non dera lugar a unha fame xeral. O monte era cavado, queimado, arado e sementado de centeo. Este é o único cereal que se da nesta terra mala, sempre mesturado coa borralha procedente de queimar a vexetación, chamada tella. Pódense traballar extensións grandes que producirán durante algúns anos para despois abandonalo e facer outra estivada. Así de forma cíclica sacábasele un rendemento a todo o monte.

O centeo recollido nas estivadas era secado nas eiras, onde tamén se lle tiraba o gran nas "malas", traballo comunitario no que participaba todo o pobo.

O millo, centeo e pataca eran os principais cultivos da terra, completada por fabas e algunas hortalizas máis. De todos estes o millo era fundamental, para o que se reservaban as mellores terras, soleadas e con rego abondoso. O millo, do que se facía o pan, garantía a subsistencia da familia xa que o pan era o recurso básico, suficiente sen os demais. Posteriormente tendeuse a usar cada vez máis o trigo: que é máis fácil de transformar e non precisa de auga coma o millo.

Na actualidade obsérvanse algunhas plantacións de millo, para dar de comer a animais, e tamén hortas para obter produtos para o consumo particular como hortalizas, patacas e froitas.



O camiño xirará á esquerda pero se seguimos un metros e despois xiramos á esquerda polo cortafogos para baixar uns 50 metros observaremos que existen aquí varías mámoas, que están enterradas.



## CASTRO DE MAGROS, MARCOFÁN



## 2 TRAMO



Volta é case sempre baixando, moi máis dourada a pesares de que estaremos bastante expostos ao sol. A zona que se atravesa é rica en minerais e foi amplamente explotada no pasado. O wolframio foi moi apreciado ata a II guerra mundial. Extraíase seguindo vetas mediante galerías ao longo da montaña. Na actualidade é difícil apreciarlas debido ao mesto da vexetación. Pódense observar grandes furados que crean escarpadas ladeiras por onde se foi extraendo o prezado mineral.

O metal extraído era depurado e fundido en Beariz. Os mineiros vendían os carros, nos o prezo dependía do nivel de pureza, para despois completar a extracción na fundición e vendelo. Nos anos 20 unha lei pon prezo ao metal, inferior ao do mercado, que fai proliferar un importante mercado negro xa que non daba beneficios a explotacións tan pequenas. No mercado negro o metal levaba inscricións falsas que impidían coñecer a orixe real do mesmo.

Esta zona foi obxecto de intensa explotación na década dos anos 40 e 50, chegando a producción de Mineral de Estaño de 10 toneladas ao mes. Anos despois unha lei fai pechar as pequenas fundicións ao considerállas ineficientes polo que o pobo vese sen un sustento fundamental. A explotación forestal foi unha pobre alternativa e a emigración foi baleirando o territorio e deixando aldeas case abandonadas. Na actualidade moitos emigrantes volven á terra por tempadas e non deixan pasar a ocasión de reunirse sendo para eles unha cita inescusable as festas do 15 de Agosto en Beariz.

En Beariz había outro recurso que eran as canteiras onde se extraían as lousas utilizadas para a construcción nunha labor totalmente artesanal.

Antes de chegar de volta a Magros ainda se ha visitar a igrexa de Santa María de Beariz. Comezouse a construir no ano 1612. É de sublimar o rebolo de estilo barroco e a actual torre da igrexa, que é obra do insigne escultor e mestre de canteiros Xosé Cerviño.

Volveremos pola estreita rúa entre muros de pedra. Moitas das casas adoitan ter un castiñeiro, fornecedor de castañas, sombra e boa madeira para a construcción e facer lume. Quizais nalgún tempo Beariz foi abondoso en Castiñeiro pero os soutos non soen estar preto das casas senón máis ben nas ladeiras dos montes, que son actualmente explotadas mediante plantacións de piñeiro porque son moi máis rendibles.

A ruta remata volvendo a Magros onde, agora si, recomendámose que disfrutes na praia fluvial ou ao fondo da aldea na sombra do río. Poderás deixar morrer o dia escoitando o son da auga escorregando entre pedras, refrescándose nas pozas agachadas entre as árbores, ou mergullándose na poza da praia fluvial.



## 3 TRAMO